

estilo_folk, instrumental
orixe_Galiza

BellónMaceiras

A tradición máis contemporánea

Daniel Bellón & Diego Maceiras, gañadores da sétima edición do concurso folk de Radio Obradoiro que se celebrou no Teatro Principal de Santiago de Compostela en marzo do 2006 e do Concurso Runas do mesmo ano, do Festival de Ortigueira, preséntannos o seu primeiro traballo chamado "Unión das Terras", con composicións propias mesturadas cunha visión moi persoal de temas de diversas culturas adaptadas a gaita e acordeón.

Este dúo está formado por músicos que actualmente constitúen un referente para o mundo da gaita e o acordeón en Galiza.

+ info en abada.es

"Unión das Terras", proxecto no que participaron músicos de renome como Xosé Lois Romero tocando a pandeira, Alex Blanco coa guitarra acústica e Xabier Díaz aportando a voz, constitúe, deste xeito, unha viaxe de case sesenta minutos a través do mundo que traspasa fronteiras de todo tipo, amosándonos o mellor de cada lugar e cultura, pero sen esquecer o carácter e o sabor galegos que sempre caracterizan ás súas melodías.



tamén...

BatukoTabanka | BellónMaceiras | bOnOvO
Fianaroca | Leiffa | Marful | Nordestin@s
Serra-lhe aí!!! | TríoKinGarcía | BagadKemper
LesTrompettesduMozambique | Africanizate!

Abada Xestión Cultural s.l.

Polígono do Tambre - Vía Pasteur nº5 - 2ºB
E-15890 Santiago de Compostela GALIZA
☎ 981 576 574 | www.abada.es | info@abada.es



BellónMaceiras quinteto

BellónMaceiras conta cunha nova proposta musical, unha volta de folla do seu traballo discográfico; Unión das Terras.

Nesta nova aventura, son capaces de trasladarnos nunha viaxe musical por distintas terras do mundo, afondando nas súas melodías e caracterizándoas, como fixeron sempre os nosos emigrantes, ao xeito e facer galego. Percorreremos Argentina, Portugal, Bretaña, Oriente Medio, países do leste, Rusia, Euskadi... e por suposto Galiza.

Ademais de amosarnos dende un punto de vista único estas culturas, tamén poderemos ver melodías da súa propia composición que mesturan a tradición xunto cos cortes máis contemporáneos da música galega.

Daniel Bellón



Posúe un dos curriculumms máis importantes do mundo da música tradicional en Galicia, sendo o gaitero máis laureado da historia, avalado por máis de 40 premios no seu haber. Na actualidade combina a súa faceta de músico nos proxectos BellónMaceiras (dúo e quinteto), e gaitero do prestixioso cuarteto Luvas Verdes coa de mestre de gaita galega. Dende 2006 estudia jazz na "Escuela Popular de Música y Danza" (Madrid), É becado pola AIE para o curso 2007/2008 e no 2008/2009 na "Escuela - Estudio" en Compostela.

Diego Maceiras



As súas primeiras andainas musicais foron aos 4 anos, formando parte da Banda de Gaitas "Airiños de Fene", da que segue formando parte hoxe en día, coa que consegue premios (Con Música Propia da Televisión de Galicia, ademais de gravar o primeiro traballo discográfico "Identidade". Acordeonista desde os 11 anos da man de diversos profesores, forma parte de grupos como Rumbadeira, Eiravedra, Mama Cabra... Destaca como compositor e actualmente segue coa súa formación no Conservatorio Superior de Música de Oviedo.

Juan "Cabe". Guitarrista de Fene, membro de Os Cempés, cun estilo e carácter inconfundible.



Miguel Lamas. Batería Forma parte de bandas como Voodoo, Chiculate, LTCD... Actualmente realiza sesións no estudio PousadaSon.



Juan Tinaquero. Na actualidade cursa estudos no Conservatorio Superior de A Coruña na especialidade de Jazz, e compaxina a súa labor de actor de dobraxe coa música, formando parte dos Bluesmakers dende hai 15 anos.



tamén...

BatukoTabanka | BellónMaceiras | bOnOvO
Fíanaroca | Leilía | Marful | Nordestin@s
Serra-lhe aí!!! | TríoKinGarcía | BagadKemper
LesTrompettesduMozambique | Africanizate!

Abada Xestión Cultural s.l.
Polígono do Tambre - Vía Pasteur nº5 - 2ºB
E-15890 Santiago de Compostela GALIZA
☎981576574 | www.abada.es | info@abada.es

